

Exercicio 1.

Texto sobre os Reis Católicos.

Para comezar co traballo deste novo curso, tes que realizar un exercicio similar ao que vas atopar dentro duns meses na PAU. De feito, este en concreto está **extraído do exemplo de exame subido pola CIUG**. Próximamente haberá máis, pero imos pouco a pouco ¡Moito ánimo!

SOCIEDADES NO TEMPO: REFLEXIÓN CRÍTICA DE FONTES DE INFORMACIÓN.

Este curso vostede incorpórase á redacción da revista do seu instituto como encargado/a da sección de divulgación histórica, e os/as seus compañeiros/as explícanlle que xa dispoñen dalgún texto elaborado con ChatGPT. Como a súa versión do programa é antiga, pídenlle que se encargue de revisar o seguinte texto sobre a Monarquía dos Reis Católicos, para detectar, explicar e rectificar posibles erros.

TEXTO PARA REVISAR:

“O reinado dos Reis Católicos constitúe unha etapa de transición entre o mundo baixomedieval e o moderno na que sentan as bases de funcionamento da monarquía hispánica. Os novos monarcas lograron a unidade de España e levaron a cabo un intenso labor de reforma institucional. Entre outras medidas, potenciaron a administración central reorganizando o Consello Real e incrementando o número de membros con formación universitaria —os letrados—, en detrimento da aristocracia. Tamén reforzaron os órganos encargados de impartir a xustiza real —Chancelerías e Audiencias— e xeneralizaron a figura dos corrixidores en Castela, que exercían como representantes dos reis nos principais municipios. Con todo, a reforma máis importante foi a remodelación das Cortes pola súa condición de institución común a todos os reinos peninsulares”.

RESPONDA ESTES TRES APARTADOS:

1. Identifique as informacións erróneas.
2. Explique os erros detectados.
3. Proceda á súa redacción correcta. (0,5 puntos)